



## XUNTA DE GALICIA

### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

#### Anuncio

**Resolución do 19 de xaneiro de 2022, da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construcción, e se declara a utilidade pública, en concreto, para os efectos da urgente ocupación, a instalación eléctrica “LMT DERIVADA AMANDI”, no concello de Sober (Exp. 2020/21 A.T.)**

Examinado o expediente instruído a instancia da empresa UFD Distribución Electricidad S.A., con enderezo para os efectos de notificación en Avda San Luis, 77, 28033 Madrid, aprécianse os seguintes

#### Antecedentes de feito.

**Primeiro.**-Con data 27 de maio de 2020, a citada empresa solicita a autorización administrativa previa e de construcción e a declaración de utilidade pública, en concreto, para a instalación eléctrica “LMT DERIVADA AMANDI”, no concello de Sober, presentando o preceptivo proxecto das instalacións a que fai referencia o Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE 27 de decembro do 2000, núm. 310), que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e xuntando a relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados pola instalación que determina a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE do 27 de decembro de 2013, núm. 310) e o artigo 143 do Real decreto 1955/2000, antes citado.

**Segundo.**- O proxecto someteuse a información pública para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, mediante resolución desta xefatura territorial do 30 de xullo de 2021. Esta resolución foi publicada no diario El Progreso do 5 de agosto de 2021, no BOP de Lugo do 11 de agosto de 2021 e no DOG do 17 de agosto de 2021, no taboleiro de anuncios da citada xefatura territorial e no taboleiro de anuncios do concello de Sober. Con esta resolución inseríase a relación de bens e dereitos afectados.

Así mesmo, practicouse notificación individual aos interesados incluídos na referida relación de bens e dereitos afectados.

**Terceiro.**- Enviáronselles separatas relativas ao proxecto aos diferentes organismos afectados e cumpríronse os trámites establecidos no artigo 127 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

**Cuarto.**-Durante o trámite de información pública non se presentaron alegacións.

**Quinto.**-Persoal dos servizos técnicos desta xefatura territorial emítiu informe favorable sobre a solicitude obxecto deste expediente, de acordo co disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro. Igualmente, unha vez revisado sobre o terreo o trazado da liña eléctrica proxectada, infórmase polos referidos servizos técnicos que non se dá ningunha das limitacións para a imposición da servidume de paso de enerxía eléctrica ás que se refire o artigo 161 do Real decreto 1955/2000, en relación co artigo 58 da Lei 24/2013, sobre as fincas incluídas na relación de bens e dereitos que foi obxecto de información pública e sobre as que a empresa beneficiaria non chegou a un acordo amigable cos seus propietarios.

A este feitos son de aplicación os seguintes

#### Fundamentos de derecho.

**Primeiro.**-A esta xefatura territorial correspónelle resolver sobre a presente solicitude, de acordo coas competencias que resultan do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e tendo en conta o Decreto 9/2017 do 12 de xaneiro (DOG n.º 22 do 1 de febreiro), sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e a Lei 24/2013, do 26 de decembro do sector eléctrico.

**Segundo**-No expediente cumpríronse os trámites sinalados no artigo 53 da citada lei 24/2013, e os regulamentarios previstos nos capítulos II e V do título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

**Terceiro**- Á vista do informe técnico e do resto da documentación que figura no expediente, considérase que procede a autorización da instalación eléctrica.

**Cuarto**.- Sen prexuízo do anterior, cómpre ter en conta que consonte ao artigo 151 do citado Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, en calquera momento a empresa beneficiaria e os titulares dos bens e dereitos poden convir un mutuo acordo, causando a correspondente conclusión do expediente expropiatorio.

De acordo co exposto e en virtude das competencias que ten atribuídas, esta xefatura territorial

**RESOLVE:**

**Primeiro**. Conceder a autorización administrativa á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. para o establecemento da instalación eléctrica denominada "LMT DERIVADA AMANDI", no concello de Sober, coas seguintes características técnicas principais:

- Centro de transformación intemperie, cunha potencia de 50 kVA, e unha relación de transformación de 20.000/400 V. Desmantelamento da caseta de obra do CT existente.
- Liña de media tensión aérea a 20 kV, cunha lonxitude de 90 m, con orixe en apoio existente BTE4RBRJ//19 da LMT REG802 Monforte 2, condutor tipo LA-110 e final en apoio proxectado C-2000-20.
- Liña de media tensión aérea a 20 kV, cunha lonxitude de 299 m, con orixe en apoio proxectado C-2000-20, condutor tipo LA-56 e final en apoio proxectado C-2000-12 (CT).
- Liña de baixa tensión aérea, cunha lonxitude de 43 m, con orixe en CTI proxectado, condutor tipo RZ e final en apoio BT existente.

**Segundo**. Conceder a autorización administrativa de construcción para a execución do proxecto da instalación eléctrica "LMT DERIVADA AMANDI".

**Terceiro**. Declarar a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica obxecto do presente expediente, o que implica a necesidade de ocupación dos bens ou da adquisición dos dereitos afectados e a urgente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa. Por isto, en cumprimento do disposto neste artigo, acórdase que polo representante da Administración se dea comezo, na data e hora que a cada interesado se lle notificará individualmente, ao levantamento das actas previas á ocupación dos predios contidos na relación de bens e dereitos publicada no diario El Progreso do 5 de agosto de 2021 , no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 11 de agosto de 2021 e no Diario Oficial de Galicia do 17 de agosto de 2021, expostas no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e no taboleiro de anuncios do concello de Sober. Así mesmo, faise constar que ata o momento do levantamento das actas previas, poderanse formular as alegacións que se consideren oportunas, aos efectos de rectificar posibles erros na relación de bens afectados que foi obxecto de publicación nos medios e nas datas anteriormente referidos. Estas alegacións deberan presentar por escrito perante esta Xefatura Territorial de Economía, Empresa e Innovación, (Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Rolda da Muralla 70, 27071, Lugo).

Todo isto de acordo coas condicións seguintes:

**Primeira**. As instalacións que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e cos planos que figuran no proxecto "LMT DERIVADA AMANDI" presentado pola empresa UFD Distribución Electricidad S.A.

**Segunda**. O peticionario asegurará o mantemento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construcción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que se manterán as condicións regulamentarias de seguridade con carácter permanente.

**Terceira**. Deberase cumplir canto establece a lexislación técnica de liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, de acordo co Real Decreto 223/2008, do 15 de febreiro, así como, de ser o caso, a lexislación aplicable ás instalacións de baixa tensión e as súas instrucións técnicas complementarias de acordo co Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, ademais do resto de normativa e directrices vixentes que sexan de aplicación.

**Cuarta**. Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria a autorización previa desta xefatura territorial.

**Quinta**. O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización necesaria para a súa execución.

**Sexta**. Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial o outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Esta publicación realiza igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os

titulares dos predios propostos sexan desconéizados, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirlle ao Ministerio Fiscal as diliencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpor recurso de alzada ante o Vicepresidente Segundo e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación / publicación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prezuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que estimen pertinente.

Lugo, 19 de xaneiro de 2022.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0109

## **CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO**

### *Anuncio*

O Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión celebrada o pasado día 25 de novembro de 2021, aprobou, con carácter inicial, o Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2022, por un importe global de 5.613.399,41euros.

Devandito expediente permaneceu exposto ao público durante quince días hábiles, na Secretaria-Intervención do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, publicándose anuncio no Boletín Oficial da Provincia número 284 de 13 de decembro de 2021.

Durante o período de exposición pública indicado, que se iniciou o día 14 de decembro de 2021 e terminou o 5 de xaneiro de 2022, presentáronse reclamacións contra a aprobación do citado expediente, unha vez informadas as mesmas pola Secretaria-Intervención procedeuse a inadmitir as mesmas mediante acordo Plenario celebrado pasado día 18 de xaneiro de 2022, aprobando, con carácter definitivo, o Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2022.

Aprobado definitivamente o Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2022 xunto coa plantilla de persoal e relación-catálogo de postos de traballo en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e demás disposicións concordantes, fanse públicos os seguintes extremos: resumo por capítulos do orzamento para 2022 (I), o cadre de persoal (II) e o réxime de aplicación e recursos (III):

### **ORZAMENTO 2022**

<b>INGRESOS</b>		<b>GASTOS</b>	
CAPÍTULO	IMPORTE EUROS	CAPÍTULO	IMPORTE EUROS
I IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	I GASTOS DE PERSOAL	4.424.855,75
II IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	II GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	932.200,00
III TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	1.024.687,05	III GASTOS FINANCIEROS	100,00
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.588.712,36	IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00
V INGRESOS PATRIMONIAIS	100,00	V FONDO DE CONTINXENCIA	171.119,54
VI ENAXENACIÓN DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00	VI INVESTIMENTOS REAIS	85.124,12
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	VIII ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
IX PASIVOS FINANCIEROS	0,00	IX PASIVOS FINANCIEROS	0,00
<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS</b>	<b>5.613.399,41</b>	<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS</b>	<b>5.613.399,41</b>

## CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

No citado acordo plenario, aprobáronse todos os documentos e anexos que comprenden o dito Orzamento, entre os que se inclúe o Anexo do Persoal, este último comprende tamén o cadro de persoal e relación de postos de traballo, polo que de conformidade co art. 127 do Texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril e disposicións concordantes, reproducése a continuación de acordo co que se indica:

### 1. Funcionarios de carreira

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO	NÍVEL
			CATEGORÍA		
Secretaría- Intervención (*)	1	Habilitación estatal	Secretaría-Intervención	A	26
			Terceira	A1	
Técnico de xestión económica	1	Acumula DPL		A1	
Técnico de xestión administrativa	1	Acumula DPL		A2	
Técnico de Administración Xeral	1	Xeral		A1	20
Administrativos	2	Xeral		C1	14

(\*) Desempeñado en acumulación por Secretario Xeral adxunto da Deputación Provincial de Lugo

### 2. Persoal laboral fixo

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	GRUPO	SITUACIÓN	XORNADA SEMANAL	FORMA DE PROVISIÓN
Coordinador de parques	1		VD		
Xefe de parque	6		O		Subrogado
Xefe de Quenda	36		O		Subrogado
Bombeiro	78		O		Subrogado

### 3. Persoal directivo

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	GRUPO	SITUACIÓN	XORNADA SEMANAL	FORMA DE PROVISIÓN
Xerente	1		O	40 horas	Nomeamento

### ENTRADA EN VIGOR DO ORZAMENTO E RÉXIME DE RECURSOS:

O Orzamento de 2022 desta Entidade, entrará en vigor, para a súa aplicación, unha vez producida a presente publicación consonte prevé a estos efectos o art. 169.5 do citado Texto Refundido da lei reguladora das Facendas Locais.

Contra a aprobación definitiva do dito Orzamento poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal e na forma e prazos que establece a estos efectos a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, sen que dita interposición implique, por si mesma, a suspensión do orzamento definitivamente aprobado ou a súa inexecución, así mesmo, poderán interpoñerse cants outros recursos ou accións procedan en Dereito.

Lugo, 20 de xaneiro de 2022.- O SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONSORCIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0121

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data do 10.01.2022, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de decembro de 2021 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 301,10 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 145,17 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 21 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 0110

## A PONTENOVA

### *Anuncio*

#### **LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE DECEMBRO 2021.**

Por Resolución de alcaldía do 18 de xaneiro de 2022 respectivamente, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 14 de febreiro de 2022 ao 14 de abril de 2022, ámbolos dous inclusive.**

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 14 de febreiro de 2022 ao 14 de abril de 2022, ámbolos dous inclusive.**

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 20 de xaneiro de dous mil vinte e dous .

A Pontenova, 20 de xaneiro de 2022.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0111

## PONTOMARÍN

### *Anuncio*

De conformidade ao decreto de alcaldía de 21 de xaneiro de 2022, faise pública a convocatoria e bases reguladoras do proceso de configuración dunha "Bolsa de Emprego na categoría de auxiliar de axuda no fogar" polo sistema de concurso.

A convocatoria e as bases aprobadas, están colgadas na sede electrónica do Concello de Portomarín na seguinte dirección: <http://portomarin.sedelectronica.gal>, así como na páxina web do Concello [www.concellodepontomarin.es](http://www.concellodepontomarin.es), e no taboleiro de anuncios municipal.

O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Portomarín, 21 de xaneiro de 2022.- O Alcalde- Presidente, Pablo Rivas Folgueira.

R. 0112

## RIBAS DE SIL

### *Anuncio*

Aprobados por Decreto da Alcaldía de data 19/01/2022 os Padróns da taxa polo Servizo de recollida de lixo rural do 4º Trimestre de 2021 e o Padrón SAF do mes de decembro, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdicción.

O mesmo tempo establecese un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 20 de xaneiro de 2022.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 0113

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

**Expediente: A/27/05350/E**

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: José Pereiro Fernández

Nombre del río o corriente: Rio Mao

Punto localización: Lugar de Santa Cristina do Viso

Término municipal y provincia: O Incio, Lugo

Caudal concedido: 0,35 l/s

Destino: Riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 18 de diciembre de 1995

Registro de Aguas: 4678, Sección A, en el Tomo 0047, hoja número 078

#### BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de O Incio** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 17 de enero de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0114

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/04772/E**

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Esther López López

Nombre del río o corriente: Fuente Curro da Braña

Punto localización: Lugar de Braña, parroquia de Quende

Término municipal y provincia: Abadín, Lugo

Caudal concedido: 1,89 l/s

Destino: Usos ganaderos y riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 07 de junio de 1996

Registro de Aguas: 5399, Sección A, en el Tomo 0054, hoja número 099

#### BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Abadín** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 17 de enero de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0115

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/04322/E**

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titulares: Comunidad de Regantes de Laxes

Nombre del río o corriente: Rio Neira

Punto localización: Lugar de Suarriba, parroquia de Laxes

Término municipal y provincia: Baralla, Lugo

Caudal concedido: 1,44 l/s

Destino: Riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 31 de octubre de 1997

Registro de Aguas: 7162, Sección A, en el Tomo 0072, hoja número 062

#### BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Baralla** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 13 de enero de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0116

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/03745/E**

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titulares: Josefa Iglesias Perace

Nombre del río o corriente: Manantial Fervenza dos Prados Novos

Punto localización: Queimonde, finca 3-77

Término municipal y provincia: A Pastoriza, Lugo

Caudal concedido: 0,95 l/s

Destino: Riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 14 de octubre de 1996

Registro de Aguas: 6159, Sección A, en el Tomo 0062, hoja número 059

**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de A Pastoriza** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 13 de enero de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0117

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/03309/E**

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titulares: D. Felipe Lage Baamonde y D. Manuel Piñeiro Díaz

Nombre del río o corriente: Un pozo

Punto localización: Bestar, en la finca Curro dos Trobos

Término municipal y provincia: Cospeito, Lugo

Caudal concedido: 3,00 l/s

Destino: Riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 11 de diciembre de 1997

Registro de Aguas: 7356, Sección A, en el Tomo 0074, hoja número 056

**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Cospeito** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 13 de enero de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0118

---